

---

## O TSXG informa

---

### **O TSXG avala as medidas da Xunta para facer fronte á COVID-19 porque son “proporcionadas”**

- ❖ O alto tribunal galego considéraas “idóneas” para a protección da saúde e “necesarias” debido á constatación “dunha situación de perigo actual e real” para a cidadanía
- ❖ Entende xustificada a prohibición de reunións de madrugada pola “situación real de risco de contaxio” nese horario debido a que se desenvolven “no ámbito das relacións sociais, nas que é frecuente a relaxación de medidas”
- ❖ Os xuíces destacan que as normas teñen un ámbito temporal limitado, ata o 21 de maio, con obrigaón de revisión, e que as máis restritivas afectan só os cinco concellos con maior incidencia

A Coruña, 12 de maio de 2021.-

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ratificou as medidas preventivas adoptadas pola Xunta tras a finalización do estado de alarma como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na comunidade. Polo tanto, o alto tribunal galego avala a prohibición de reunións entre non conviventes entre a unha e as seis da madrugada en toda a comunidade autónoma, así como as limitacións dos encontros a un máximo de catro persoas en espazos interiores e de seis en exteriores, tanto no ámbito público como no privado, salvo que se trate de conviventes. Ademais, a sección terceira da Sala do Contencioso-administrativo aproba o toque de recollida ás 23 horas, a prohibición de reunións e o peche perimetral e da hostalería decretado pola Xunta nos cinco concellos que presentan un nivel máximo de alerta sanitaria (Padrón, Cualedro, Laza, Cambados e Vilanova de Arousa).

No auto, notificado hoxe, explican que a ratificación da prohibición de encontros durante a madrugada se xustifica pola existencia de “unha situación real de risco de contaxio”. Así, indican que, normalmente, nesa franxa horaria as reunións de persoas “desenvólvense no ámbito das relacións sociais, nas que é frecuente a relaxación das medidas de distanciamento social, uso de máscaras, etc.”. Os xuíces tamén entenden que a limitación de agrupacións entre non conviventes durante a unha e as seis da mañá “non ten un impacto significativo no dereito de reunión”.

Respecto ás medidas adoptadas nos cinco municipios con maior incidencia, o TSXG asegura que non teñen “un impacto limitativo de dereitos fundamentais que poida considerarse desproporcionado e que esixa escoller entre outras alternativas menos gravosas”. Así, explica que co peche perimetral “trátase de manter un control sobre a poboación dos municipios afectados, evitando que cos seus desprazamentos a outras localidades as persoas que poidan estar infectadas asintomáticas transmitan o virus, da mesma maneira que se trata de evitar o contaxio a persoas que poidan acceder ás ditas localidades”.

Polo tanto, os xuíces conclúen que se trata “dunha medida válida e adecuada para controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros lugares, que non necesariamente teñen que ser limítrofes”. En canto ás outras dúas medidas que afectan a eses cinco concellos -toque de recollida e prohibición de reunións-, os maxistrados subliñan que están baseadas en “criterios epidemiolóxicos” e que o seu obxectivo principal é “evitar unha aglomeración de persoas, no contexto que sexa, co risco de propagación da enfermidade entre a poboación dos municipios que presentan as taxas de incidencia acumulada máis altas da comunidade”.

O alto tribunal galego apunta no auto que na “procura do fundamento e xustificación” destas medidas “non hai que atender exclusivamente” ás consideracións expostas pola Xunta, “senón que deben sustentarse en datos facilitados por comités clínicos, con coñecementos e experiencia científica en materia de saúde e, en particular, epidemiolóxica”. Así, advirte no auto da importancia de que se poñan en coñecemento dos xuíces/xuízas “todos os datos concretos e obxectivos sobre a pandemia, con indicación e identificación das fontes de información das que proceden”. Todo iso co obxectivo de que lles permita “comprobar os



Consejo General  
del Poder Judicial



parámetros de necesidade, razoabilidade e proporcionalidade que se esixen para ratificar medidas restritivas de dereitos fundamentais”.

Neste sentido, os maxistrados advirten a Xunta da “escaseza de datos” que lles ofreceu. “Malia iso, e no marco de transición cara a unha nova normalidade no que nos atopamos desde o cesamento do estado de alarma, e tendo en conta que, ademais, as medidas teñen un ámbito xeográfico limitado (afectan a cinco municipios) e un ámbito temporal tamén limitado, ata o día 21 de maio, con obrigaón de revisión, tales circunstancias valorámolas dentro dunha razoable marxe de apreciación que admite neste momento a ratificación das medidas”, explican os xuíces.

### **Amparo legal**

O TSXG sostén na resolución que a lei “si ampara a adopción das medidas limitativas de dereitos fundamentais por parte das comunidades autónomas”. Así, o alto tribunal galego destaca que a normativa estatal as habilita “para adoptar medidas sanitarias preventivas coas que poidan facer fronte a situacións de grave risco contra a saúde pública”. A Sala explica que no artigo 43.1 da Constitución se recoñece “o dereito á protección da saúde e o correlativo deber dos poderes públicos de tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios”.

Os xuíces, neste caso, do mesmo xeito que en resolucións anteriores, aplican a Lei orgánica 3/1986, que recolle “unhas escasas, pero suficientes, previsións sobre as medidas especiais en materia de saúde pública que poden adoptar as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, dentro do ámbito das súas competencias, cando así o esixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade”. Por iso, o TSXG considera que a Xunta é competente para tomar medidas limitativas de dereitos fundamentais para os efectos de protexer a saúde pública. Baixo ese amparo normativo, os xuíces centran a análise das solicitudes de ratificación desas limitacións no “xuízo de necesidade, adecuación, razoabilidade e proporcionalidade das medidas”. Contra o auto ditado hoxe cabe presentar recurso de casación ante o Tribunal Supremo.